

ASUNTO: INFORME FINAL OU RESUMO DE ACTUACIÓNS NA EXECUCIÓN DO PLAN DE AUDITORÍAS PARA O EXERCICIO DO CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS PAGADAS POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO EXERCICIO DE 2006

DESTINATARIOS:

SR. PRESIDENTE.
SRAS. E SRES. DEPUTADOS DO PLENO DA
CORPORACIÓN
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

I) RAZÓN DO PRESENTE INFORME E COMPETENCIA DOS ASINANTES:

Co fin de darlle cumprimento ao acordado polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 26 de abril de 2007, cando lle deu a aprobación ao Plan de auditorías para o exercicio do control financeiro das subvencións pagadas pola Excma. Deputación Provincial no exercicio de 2006, os actuarios nomeados por resolución do Presidente de 9 xullo de 2006, dirixidos polo Interventor adxunto e coa constancia expresa de conformidade do Interventor xeral, emitimos o **INFORME FINAL OU RESUMO DE ACTUACIÓNS**.

II) ANTECEDENTES:

Os datos, resultados e recomendacións que se expoñen no presente informe teñen o seu precedente nos seguintes documentos ou expedientes:

- Informe-proposta emitido pola Intervención en abril de 2007, polo que se propón o Plan de control financeiro das subvencións pagadas pola Excma. Deputación no exercicio de 2006. Como Anexo I, achégase o estado actual das propostas de reintegro e incoación de expedientes sancionadores realizados neste primeiro Plan de control financeiro.
- Acordo do Pleno da Corporación de 26 de abril de 2007
- Expedientes 1/2007 a 86/2007, no que se recollen tódalas follas de traballo, dilixencias, comunicacións, requerimentos realizados a terceiros relacionados coas entidades beneficiarias, informes provisionais, informes definitivos e notificacións de cada un dos expedientes tramitados (segundo o estado que reflicte o Anexo II que se achega co presente informe).

III) ALCANCE E OBXECTIVOS:

O presente informe ten como obxectivo fundamental dar conta ao Sr. Presidente, ás señoras e señores deputados que integran o Pleno da Corporación e, unido á Conta xeral de 2007, ao Consello de Contas de Galicia, dos resultados máis salientables do Plan de auditorías aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 26 de abril de 2007. No exercicio de dito control, mediante a técnica da auditoría de cumprimento, tratouse de verificar se na aplicación dos fondos públicos dispostos no ano 2006 en concepto de subvencións a entidades de natureza xurídico-privada, se seguiron as normas de aplicación. Quedaron fóra do universo da mostra os concellos e demais entidades públicas subvencionadas, posto que as mesmas xa contan con órganos de control interno que garanten o respecto á legalidade e o cumprimento da finalidade na aplicación dos fondos percibidos.

En concreto, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 38/2003, de 16 de novembro, xeral de subvencións, os extremos comprobados foron os seguintes:

- a) O cumprimento das obrigas de xestión e aplicación da subvención.
- b) A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada, teñan sido financiadas coa subvención.
- c) O axeitado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.
- d) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas a esta Administración e que poideran afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, a axeitada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

IV) PROGRAMA DE TRABALLO, MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

Para obter a información precisa para a emisión do informe correspondente a cada expediente, realizáronse as seguintes actuacións:

1. Solicitud de expediente á Unidade xestora (Sección de Promoción Económica, Sección de cultura e Deportes e Sección de servizos sociais do Servizo de Fomento, Servizo de Planificación territorial e relacións coa UE). A colaboración destes Servizos foi inmediata, pondo a nosa disposición cantos antecedentes foron solicitados.
2. Solicitud dos mandamentos de pago e documentación xustificativa ao Servizo de contabilidade: coa mesma prontitude cas Unidades xestoras, o Servizo de contabilidade rendíunos a documentación precisa.

3. Programación das visitas aos distintos beneficiarios e comunicación individualizada de inicio de actuacións, fixando a data e hora na que se produciría a comparecencia dos actuarios nas dependencias da entidade. A esta comunicación achégase unha folla na que de xeito sucinto se recollen os dereitos e deberes dos beneficiarios. Pola nosa parte sempre mantivemos a máxima dispoñibilidade para o cambio de hora e de día das actuacións, de xeito que os representantes das entidades beneficiarias poidesen conciliar a atención a nosa comparecencia coas súas obrigas laborais e persoais. Deste xeito, alomenos tres comparecencias foron realizadas en horas vespertinas. Neste momento só resta realizar unha dilixencia de comparecencia (expediente 61/2007), ao ternos pedido a representante da entidade un aprazamento por razóns de enfermidade.
4. Cómpre informar que non se fixo actuación ningunha nos expedientes 16/2007 e 18/2007, ao tratarse de entidades con sé social na República de Argentina.
5. Na comparecencia, os actuarios procedemos á revisión e análise da documentación facilitada polos representantes das entidades, debidamente acreditada a súa personalidade e representación: CIF, estatutos, Libro de socios, Libros e rexistros contábeis, facturas e demais xustificantes, extractos bancarios e calquera outro documento relevante para a comprobación formal. Asemade, no caso de subvencións para investimentos, procedemos a verificar a efectiva existencia física dos mobles, equipos informáticos, equipos industriais, obras de acondicionamento, rehabilitación, mellora, etc., reflectindo tódolos datos relevantes na dilixencia de comparecencia que se estendeu por duplicado e foi asinada polo representante e polos actuarios, entregándolle sempre unha copia ao representante e outra foi incorporada ao expediente respectivo. Cómpre salientar que ao inicio da actuación, infórmase aos interesados de tódolos seus dereitos, incluído o de expresarse en calquera dos idiomas oficiais na nosa Comunidade autónoma, redactándose a dilixencia no elexido polo interesado.
6. Requerimentos realizados aos propios beneficiarios da subvención: Cando no momento da comparecencia non se puido acreditar algún extremo, sempre se deixou constancia desta circunstancia e requeriuse ao representante para que aportase á Intervención o documento ou documentos correspondentes.

7. Requerimentos realizados a terceiros relacionados cos beneficiarios: Nalgúns casos, para acreditar a regularidade e realidade dalgunha operación (compras, prestacións de servizos), fíxose necesario requerir aos terceiros que realizaron tal prestación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 38/2003.
8. Emisión de informes de control financeiro: provisionais ou definitivos: Rematadas as actuacións de comprobación, procedeuse a emisión dun informe de control financeiro para cada expediente. Cando na conclusión do informe se ten proposto a procedencia de reintegro parcial ou total ou a presunta comisión dunha infracción, dito informe foi emitido con carácter provisional, dándolle ao beneficiario un prazo de quince días para que presentase as alegacións e documentos que estimase convinte. Nos demais casos de informes favorábeis ou con observacións formais, pero sen obriga de reintegro nin proposta de expediente sancionador, o informe foi emitido xa con carácter definitivo.
9. Comunicación e notificación dos informes: Os informes provisionais foron notificados á entidade beneficiaria, para os efectos da posible presentación de alegacións¹. E os informes definitivos foron comunicados ás unidades xestoras e notificados aos beneficiarios².
10. Coa conclusión das actuacións, os expedientes foron devoltos ás unidades xestoras e a documentación contable ao Servizo de contabilidade.

Todos estas actuacións foron realizadas íntegramente polos actuarios, compatibilizando estas tarefas coas propias de cada un dos postos de traballo. **Para a realización de tal tarefa contamos co apoio dos dous becarios en prácticas do Máster en Administración financeira e tributaria que imparte anualmente a USC, DON CRISTIAN BARROS CASTRO e DON MIGUEL ÁNGEL RIVAS FERNÁNDEZ, aos que temos que felicitar e deixar constancia documental do extraordinario labor que teñen realizado, pondo en todo momento o máximo interese e dilixencia no cumprimento das tarefas encomendadas.**

¹ Na data actual nos expedientes 11/2007, 25/2007, 38/2007 e 56/2007, 59/2007, 60/2007, 73/2007, 75/2007 e 83/2007 aínda se está á espera de documentación, tal como se reflicte na táboa que figura como Anexo II.

² Na data actual foron remitidos informes provisionais e os interesados aínda están en prazo para presentaren alegacións nos expedientes 47/2007, 54/2007, 57/2007, 77/2007, 80/2007 e 84/2007.

V) LEXISLACIÓN APLICÁBEL:

Tanto para a emisión de cada un dos informes particulares, como para o resumo de resultados e recomendacións que se exporán nos apartados seguintes, seguindo o procedemento e técnicas de auditoría establecidas nas **Normas de Auditoría do Sector Público aprobadas por resolución do Interventor xeral da Administración do Estado e publicadas no B.OE. de 30 de setembro de 1998**, tivemos en consideración as disposicións contidas na seguinte normativa:

- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de réxime local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 4 de marzo.
- Bases de execución dos Orzamentos da Diputación Provincial de 2005, 2006 e 2007.
- Normas de auditoría do Sector público aprobadas por Resolución da Intervención xeral da Administración do Estado de 14 de febreiro de 1997, publicadas no B.O.E. o día 30 de setembro de 1998.
- Lei 40/98, reguladora do Imposto sobre a renda das persoas físicas (no seu caso, Texto refundido aprobado por Real decreto 3/2004, de 5 de marzo) e Regulamento que a desenvolvía nos anos 2003 a 2006.
- Lei 37/92, de 29 de decembro, reguladora do Imposto sobre o valor engadido e Regulamento que a desenvolve aprobado por Real decreto 1624/1992, de 29 de decembro.
- Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito a asociación.
- Lei 7/83, de 22 de xuño, modificada pola Lei 11/91, de 8 de novembro, de fundacións de interese galego (actualmente Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego)
- Lei 11/97, de 22 agosto, do Deporte de Galicia.
- Lei 9/93, de 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia e Decreto 261/02, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.
- Plan de contabilidade adaptado ás entidades sin fins lucrativos, aprobado por Real decreto 776/1998, de 30 de abril.
- Real decreto 1496/2003, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de facturación e modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

- Bases das distintas convocatorias de subvencións aprobadas nos exercicio 2005.

VI) RESULTADOS DO CONTROL FINANCEIRO: INFORMES FAVORÁBEIS, PRINCIPAIS OBSERVACIÓNS FORMAIS E MATERIAIS, CON OU SEN CONSECUCENCIA SANCIONADORA, QUE PODEN DAN LUGAR OU NON A PROPOSTA DE REINTEGRO PARCIAL OU TOTAL.

Sen prexuízo dos resultados individualizados de cada informe de control financeiro, tal como se recollen de forma sucinta no cadro demostrativo que se achega como Anexo II, cómpre salientar de xeito resumido os informes favorábeis emitidos, as observacións ou, no seu caso, incumprimentos formais e as observacións ou, no seu caso, incumprimentos materiais.

Nalgúns casos o incumprimento formal só ten o carácter de observación dunha irregularidade documental ou contábel, pero sen consecuencia sancionadora. Agora ben, cando dito incumprimento está recollido de forma clara e indubitada como unha acción ou omisión tipificada como infracción administrativa na Lei 38/2003 xeral de subvencións, tense proposto a incoación de expediente sancionador.

Con independencia do carácter típico das accións ou omisións detectadas, cando asemade se evidencia un incumprimento material, ao non terse acreditado a aplicación dos fondos ao obxecto para o que a subvención foi concedida, ou un erro na conta xustificativa, ao non considerarse gasto subvencionábel algún concepto incluído polos beneficiarios, ou ben por un exceso de financiamento da actividade, tales feitos dan lugar a proposta de reintegro total ou parcial. Ao importe a reintegrar deberanse engadir os xuros de demora devengados desde o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro (artigo 37 da Lei 38/2003). Nestes casos tamén se propón simultaneamente a incoación de procedemento sancionador, ao existir a posibilidade alomenos dunha presunta infracción leve consistente na presentación dunha conta xustificativa inexacta ou incompleta.

A) INFORMES FAVORÁBEIS:

Nos casos en que se emitiu informe favorábel, os actuarios atopamos unha información contábel que reflicte e recolle correctamente tódalas operacións realizadas para a realización da actividade ou investimento. Ademais os movementos bancarios estaban conciliados con dita información e a través dos mesmos ou de outros documentos fehacientes quedou acreditado o pago

efectivo aos terceiros que entregaron bens ou prestaron servizos no desenvolvemento da actividade ou na realización do investimento.

Por outra banda, da información contábel e da documentación analizada quedou acreditado que o conxunto dos ingresos no superaron o gasto efectivo realizado.

Dos 75 expedientes informados ata esta data (incluídos os informes emitidos con carácter provisional), emitimos informe favorábel en trece, o que representa o 17,33 dos mesmos. **É moi significativo e débese salientar que é no Programa de servizos sociais onde se atopa o maior grao de cumprimento formal e material por parte das entidades beneficiarias.**

B) OBSERVACIÓNS FORMAIS.

1º.- Os Libros e rexistros contábeis:

Dos expedientes analizados, pódese dicir que a incidencia maiormente observada é a relativa ás deficiencias contábeis, como xa se fixera constar no informe emitido no exercicio pasado. Neste senso, destaca en primeiro lugar a falla de coñecemento por parte dos responsábeis das entidades da normativa substantiva que regula esta obriga xenérica imposta nos seguintes preceptos:

- O artigo 14 da Lei orgánica 1/2002 reguladora do dereito á asociación, establece que estas entidades teñen que levar unha contabilidade que permita ter unha imaxe fiel do seu patrimonio, do resultado e da súa situación financeira, así como das actividades desenvolvidas.
- O artigo 19 da Lei do Deporte de Galicia establece que tódalas asociacións deportivas deberán levar unha contabilidade na que se reflicte a exactitude das operacións económicas realizadas.
- O artigo 21 da Lei de fundacións de interese galego establece que estas entidades teñen que someterse ás normas de contabilidade xeral.

Asemade, xa con carácter específico, as entidades sometidas ao control financeiro, en canto beneficiarias dunha subvención, teñen a obriga de dispor de libros contábeis e rexistros dilixenciados, segundo a lexislación sectorial aplicábel pola natureza da entidade (artigo 14.1 f da Lei 38/2003).

A situación das entidades controladas, para efectos do cumprimento desta obriga, pódese resumir do seguinte xeito:

- As confrarías de pescadores tiñan todas elas Libros de contabilidade debidamente dilixenciados no Rexistro mercantil ou ben na Consellería de Pesca. Tamén teñen libros contábeis dilixenciados e mesmo, nalgún caso, auditados, as fundacións, sindicatos e as corporacións de dereito público e base sectorial privada
- A meirande parte das asociacións controladas dispoñen unicamente de Libro de ingresos e gastos, nos que ás veces só se reflicten parte das operacións contábeis, pero non elaboran Conta de resultados nin Balance de situación ao final do exercicio. Tamén se fixo constar a incidencia de que os Libros e rexistros contábeis exhibidos aos actuarios estaban sen dilixenciar, non constando se foran aprobados pola Asemblea de socios e, nalgún caso concreto, puídose comprobar que o Libro fora confeccionado e impreso unha vez recibida a comunicación de inicio de actuacións.

Con respecto á esta derradeiro apartado, desde a Intervención provincial tense feito no último ano un labor de sensibilización e de formación no axeitado cumprimento das obrigas formais. Así, dándolle cumprimento a unha das propostas de actuación aprobadas polo Pleno da Corporación na sesión de 26 de abril de 2007, desde setembro de 2007 a abril de 2008 realizamos nove edicións dun curso de 7,5 horas lectivas de duración titulado “Curso sobre as subvencións provinciais e o seu control financeiro”, que se desenvolveron nas localidades de nas localidades de A Coruña (21 e 22 de setembro de 2007), Santiago de Compostela (28 e 29 de setembro), Ferrol (5 e 6 de outubro), Melide (19 e 20 de outubro), Riveira (9 e 10 de novembro), Dumbría (23 e 24 de novembro), Betanzos (30 de novembro e 1 de decembro), Carballo (14 e 15 de decembro) e novamente A Coruña (11 e 12 de abril de 2008). En total, asistiron ao curso ao redor de 1.100 persoas, representantes e directivos de asociacións, fundacións, clubs deportivos, confrarías, colexios profesionais e mesmo concellos.

Asemade, coa idea de axudar ao mellor cumprimento das obrigas formais, tense adquirido unha aplicación informática nomeada “Conta doada”, que nos vindeiros días se porá a disposición de tódolos interesados e que lles facilitará a levanza da contabilidade dos ingresos e gastos das entidades, así como o Libro de inventarios. Unha vez que esta aplicación estea operativa, xa se teñen programado varios cursos para explicar o seu funcionamento.

Finalmente, neste obxectivo de axudar e ofrecer asesoramento a tódolos beneficiarios das nosas subvencións, o Interventor adxunto ven contestando os correos electrónicos que se reciben en relación coas dúbidas suscitadas con respecto aos xustificantes de gasto que se presentan.

2º.- As observacións ao respecto da normativa fiscal:

A segunda das irregularidades detectadas, no ámbito aínda formal, é a falla da práctica de retención a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas nos pagos realizados a monitores de actividades, a conferenciantes ou a determinados profesionais que prestaron servizos para a realización das actividades subvencionadas.

3º.- As cotas soportadas de IVE como gasto subvencionábel.

Cando as entidades subvencionadas realizan actividades económicas e, por tal circunstancia, ostentan a condición de suxeitos pasivos do IVE e poden deducir as cotas soportadas, na conta xustificativa non poden incluír o importe destas cotas, xa que para eles non supón un maior importe da compra ou prestación do servizo

Esta circunstancia detectouse unicamente nunha das entidades controladas, que logo aportou máis xustificantes de gasto da actividade realizada e non houbo necesidade de propor o reintegro parcial.

4º.- Outros ingresos ou subvencións percibidas para a realización da actividade:

Tal como establece o artigo 19.3 da Lei xeral de subvencións e as bases de cada convocatoria, os beneficiarios de subvencións están obrigados a presentar unha declaración doutras axudas ou subvencións percibidas para a realización da actividade ou investimento, de xeito que o conxunto das axudas, sexan públicas ou privadas, non pode superar en ningún caso o custo da execución daquela.

A través do exame da contabilidade e das operacións bancarias realizadas, púidose comprobar que algunhas entidades non tiñan declarado outras axudas ou ingresos recibidos para a mesma finalidade da subvención pagada, polo que se recalculou de novo o importe da subvención a percibir, dandóselles sempre a posibilidade de aportar máis xustificantes de gasto para manter o principio de prohibición de superávit do artigo 19.3 da Lei 38/2003. E, naqueles casos que non se puido aportar máis xustificación de gasto, rematouse o expediente con proposta de reintegro parcial ou, no seu caso, total, e de incoación de expediente sancionador pola presunta comisión dunha infracción leve.

5º.- A documentación que xustifica a efectiva realización dos pagos:

Na comunicación que se fixo a tódalas actividades para o inicio das actuacións de control financeiro, pedíase, entre outra documentación, a presentación aos actuarios de documentación fehaciente que acreditase o pago efectivo aos terceiros que expediron as correspondentes facturas ou documentos xustificativos do gasto.

A comprobación deste extremo resultou moi doada naquelas entidades que utilizaron como medio de pago a transferencia bancaria ou o cheque nominativo, pois non dous casos quedaba reflectido o correspondente pago no extracto bancario que se nos presentou.

Noutros casos o pago realizouse en metálico, existindo asemade un xustificante ou “recibí” asinado polo terceiro ou mesmo unha declaración deste extremo realizada sobre a propia factura. Ademais, cando existían apuntes contábeis por orde cronolóxica, resultou posíbel, aínda que ás veces despois dun traballo minucioso, conciliar a contabilidade cos pagos realizados, resultando desta conciliación unha información coherente e fiábel para os actuarios.

Só nos casos de entidades que non dispoñan de ningún rexistro contábel, nin documento acreditativo da realización material do pago, se realizou unha consideración crítica, que ademais supón a proposta de reintegro. Ditas entidades non puideron exhibir ningún documento ou rexistro contábel do que se poidese inferir a realización efectiva de algún ou da totalidade dos pagos. Xa que logo, nestes casos, non se puido considerar como gasto subvencionábel o documentado na factura, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003 e, na súa consecuencia, tense proposto a incoación de expediente de reintegro polas contías correspondentes, unha vez realizado o recálculo do presuposto xustificado e excluídos do mesmo os xustificantes sobre os que non se puido verificar o pago.

C) OBSERVACIÓNS MATERIAIS: A OBRIGA DE REINTEGRO PARCIAL OU TOTAL.

1º.- A creación dun ente instrumental formado por varias entidades para recibir unha subvención.

Nun dos expedientes quedou acreditado que a entidade beneficiaria é un ente de carácter instrumental, formado por varias entidades deportivas que a súa vez son subvencionadas pola Deputación, que non ten actividade propia e que unha vez recibida unha subvención, xustificada cunha factura de material deportivo, reparte o seu importe entre os clubs deportivos que teñen a condición de socio. Xa que logo, neste expediente tense proposto o reintegro total do importe da subvención pagada.

2º.- A emisión de facturas por un importe presumiblemente moi superior á prestación realizada.

Nalgún caso poidemos constatar que a factura emitida, aparte de non constar o pago, parecía ter sido emitida por un importe superior á prestación realizada, pois só se puido acreditar un pago parcial da mesma. Por tal razón, tense proposto o reintegro parcial ou total da subvención pagada e a incoación de expediente sancionador.

3º. A realización do investimento nun inmovible que se posuía pola entidade beneficiaria en réxime de aluguer:

Nun dos expedientes, no que se concedera unha subvención para a reforma dunha nave industrial para destinala á realización de cursos de formación, os actuarios comprobamos que a data actual o inmovible xa non estaba sendo posuído pola entidade beneficiaria, xa que no momento en que se solicitou a subvención non era propietaria daquel, senón simple arrendataria. Logo, aínda que as obras se levaron a cabo, unha vez transcorrido un ano resolveuse o contrato de aluguer, sen que a entidade beneficiaria da subvención fixera uso da posibilidade de prórroga. Deste xeito, incumpriuse a obriga de destinalo o inmovible ao fin para que a subvención foi concedida alomenos durante o prazo de cinco anos, tal como establece o artigo 31.4 a) da Lei 38/2003. Xa que logo, téndose cumprido só parcialmente o obxecto da subvención (1/5 de cumprimento), tense proposto o reintegro de 4/5 do importe concedido, así como os xuros de demora devengados desde o pago ata que se acorde, no seu caso, a procedencia do reintegro.

4º.- As subvencións concedidas e xustificadas polas entidades labregas:

No apartado de observacións de carácter material, cómpre salientar finalmente unha reflexión con respecto ás subvencións concedidas e xustificadas polas entidades labregas, dentro do programa que ten como fin o apoio de proxectos de recuperación ou posta en valor dos recursos endóxeos de carácter agrícola, gandeiro e forestal. Nalgún dos expedientes controlados a subvención tivo por obxecto a realización dun estudo sobre elaboración de forraxes no que, a pesares de terse realizado a actividade e poder documental, produciuse un consumo exclusivamente interno de dito estudo ou, no seu caso, do produto elaborado resultante, por parte dos solicitantes, sen que se teña producido a posta de valor, comunicación ou divulgación dos resultados obtidos. Por outra banda, como xa se puxo de manifesto en varios informes emitidos na fiscalización previa de expedientes, é de significar que unha boa parte dos traballos, aínda sendo de distinta natureza, son facturados pola mesma empresa.

VII) PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

Á vista das observacións e, no seu caso, incumprimentos formais e materiais expostos no apartado anterior, coa finalidade de que se poidan corrixir para o futuro estas debilidades, os actuarios realizamos de seguido as seguintes recomendacións e propostas de actuación.

PRIMEIRA.- A conveniencia de que tódolos pagos se documenten en transferencia bancaria ou cheque nominativo.

Tal como se puxo de manifesto no informe emitido con motivo do Plan de auditorías sobre as subvencións pagadas no exercicio 2005, algunhas entidades tiveron dificultades para acreditar o pago aos terceiros provedores de bens e servizos. Cando ditos pagos estaban feitos en metálico e non existía ningún rexistro contable do mesmo, non se puido acreditar o mesmo, a non ser cunha declaración ou “recibí” do emisor da factura.

Por tal razón, co fin de manter o que se ben chamando “pista de auditoría”, xa se ten establecido tanto nas Bases de execución do Orzamento como nas bases das distintas convocatorias de subvencións, a obriga ou esixencia de que tódolos pagos se documenten mediante transferencia bancaria ou cheque nominativo. Deste xeito, para o exercicio do control financeiro, o simple exame dun extracto bancario abonda para verificar a efectiva aplicación dos fondos públicos recibidos.

SEGUNDA.- A acción de fomento provincial destinada á realización de investimentos: o financiamento de actuacións íntegras ou proxectos completos. A acreditación da afectación do ben á finalidade para a que foi subvencionado alomenos durante cinco anos.

Na aplicación dos fondos públicos percibidos non só se ten que xustificar documentalmente que se ten realizado un investimento, senón que dito investimento resulta de proveito e respecta toda a normativa de aplicación. Polas incidencias e anomalías atopadas no exercicio do control, faise necesario que xa na fiscalización previa quede acreditado o cumprimento da normativa urbanística e calquera outra autorización que sexa preceptiva, de conformidade coa lexislación sectorial aplicable a cada caso.

Por outra banda, o financiamento de actuacións parciais ou por fases, pode dar lugar a unha perda da finalidade pretendida, cando a entidade non pode continuar co investimento ata a súa conclusión final e posta en funcionamento. Tamén, naqueles casos nos que o beneficiario non é propietario do ben, deberá acreditarse que dispón dun dereito de uso e disfrute sobre o mesmo durante alomenos cinco anos, tal como esixe o artigo 31.4 da Lei 38/2003.

TERCEIRA.- O control financeiro a realizar sobre as subvencións pagadas no exercicio 2007.

As observacións e, no seu caso, irregularidades ou incumprimentos formais e materiais expostos, tamén poñen de manifesto a conveniencia de manter as tarefas de control, cos mesmos parámetros de escolleita da mostra ca os utilizados con respecto ás pagadas no ano 2006. Deste xeito,, achégase xa como Anexo III do informe unha relación de tódalas subvencións pagadas pola Deputación no exercicio de 2007 a entidades privadas, ordenadas de maior a menor importe. E sobre dita relación, que suma en total 2.830 expedientes, establecer CATRO tramos, de xeito que das dez de maior importe sexa seleccionada unha de cada dúas (50 por 100), das cen seguintes unha de cada catro (25 por 100), das mil seguintes unha de cada 200 (o 5%), e das 1.720 restantes unha de cada cincocentas ou fracción de tal número (0,2%), consonte reflicte o seguinte cadro:

TRAMO	Nº EXPEDIENTES DO TRAMO	PORCENTAXE DE CONTROL (%)	Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR
1º	10	50	5
2º	100	25	25
3º	1000	5	50
4º	1720	0,2	4
TOTAL:	2.830		84

Con este criterio de selección, de ser aprobado polo Pleno, a mostra incluiría 84 expedientes, sendo igual de representativa ca realizada con respecto ás pagadas no ano 2006 e non quedando ningunha subvención concedida a entidade privada fóra do universo de control e, xa que logo, coa posibilidade de ser efectivamente incluída na mostra.

Este é o noso informe, que emitimos no cumprimento do acordado polo Pleno da Corporación.

A Coruña, 21 de maio de 2008.

OS ACTUARIOS DE CONTROL FINANCEIRO,

Asdo. María Ángeles Casal Pérez

Asdo. M^a Carmen Carballo

Asdo. Rosario Vilas Marzoa

Asdo. Miguel Pérez Boga

O INTERVENTOR ADXUNTO,

Conforme,

O INTERVENTOR XERAL,

Asdo. Juan Bautista Suárez Ramos Asdo. José Manuel Pardellas Rivera.

NOTA FINAL EMITIDA POLO INTERVENTOR ADXUNTO:

Como director do equipo de traballo que levou a cabo as actuacións de control financeiro, quero facer constar o mérito acadado por **DONA M^a CARMEN CARBALLO RODRÍGUEZ**, Dona **ÁNGELES CASAL PÉREZ**, **DONA ROSARIO VILAS MARZOA**, **DONA ENRIQUETA MOSQUERA PÉREZ** E **DON MIGUEL PÉREZ BOGA**, funcionarios nomeados para colaborar neste cometido, asumindo o mesmo de bo grado e con grande interese e iniciativa, sen que as tarefas desenvoltas e responsabilidades asumidas formen parte do contido do seu posto de traballo. As tarefas e responsabilidades asumidas deberán terse en conta para os efectos da avaliación do desempeño, segundo e cos efectos previstos no artigo 20 do Estatuto básico do empregado público (Lei 7/2007, de 12 de abril)

Tamén quero facer constar o extraordinario labor de apoio na xestión dos expedientes, na redacción de borradores de requerimientos e informes que teñen realizado os becarios do Máster en Administración Financeira e Tributaria da Universidade de Santiago de Compostela, **DON CRISTIAN BARROS CASTRO** e **DON MIGUEL ÁNGEL RIVAS FERNÁNDEZ**. No momento que rematen o seu período de prácticas emitirase informe no que se valore de forma moi significativa este traballo, para que conste no seu expediente académico.

A Coruña, 16 de abril de 2007.

Asdo. Juan B. Suárez Ramos.

Interventor adxunto.

ANEXO I ESTADO-RESUMO DOS EXPEDIENTES SOMETIDOS A CONTROL FINANCEIRO POLA INTERVENCIÓN PROVINCIAL (PLAN DE AUDITORÍAS DE 2006 SOBRE AS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2005.

EXPTE.	CONCLUSIÓNS DO INFORME DE CONTROL FINANCEIRO	ACTUACIÓNS DA UNIDADE XESTORA	SITUACIÓN ACTUAL
01/06	Reintegro total da subvención pagada por importe de 11.416,68 euros. Incoación de procedemento sancionador pola presunta comisión de infraccións moi graves	Emisión de resolución que decreta o reintegro total da subvención e notificación á Asesoría Xurídica do expediente sancionador a efectos de valoración da posible comisión de delito.	Pendente de emisión de informe de Asesoría Xurídica, e de emitir liquidación do reintegro.
02/06	Informe favorábel		
03/06	Sen obriga de reintegro, con consideracións e recomendacións formais		
04/06	Sen obriga de reintegro, con consideracións e recomendacións formais e materiais.		
05/06	Informe favorábel, con recomendacións formais		
06/06	Informe favorábel		
07/06	Informe favorábel		
08/06	Reintegro parcial por importe de 1.317,73 euros. Incoación de procedemento sancionador pola presunta comisión dunha infracción leve	Emisión de resolución decretando o reintegro de 1.317,73 euros e os correspondentes xuros de demora	Reintegro efectuado
09/06	Informe favorábel		
10/06	Reintegro parcial de 1.252,68 euros	Emisión de resolución decretando o reintegro de 1.252,68 euros ao que se engadiran os correspondentes xuros de demora	Pendente emitir liquidación
11/06	Reintegro parcial por importe de 4.943,42 euros Incoación de procedemento sancionador por presunta comisión dunha infracción leve	Emisión de resolución decretando o reintegro de 4.943,42 euros ao que se engadiran os correspondentes xuros de demora	Reintegro efectuado
12/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e		

	recomendacións formais		
13/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
14/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
15/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
16/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
17/06	Incumprimentos formais con proposta de incoación de procedemento sancionador pola posible comisión de varias infraccións leves	Emisión de resolución impondo unha sanción de 300 euros	Pendente emitir liquidación
18/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
19/06	Reintegro parcial de 15.463,92 € Incoación de expediente sancionador pola posíbel comisión de infraccións leves	Emisión de resolución decretando o reintegro de 15.463,92 euros e os correspondentes xuros de demora; así como unha sanción de 300 euros	Pendente emitir liquidación
20/06	Informe favorábel		
21/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
22/06	Incoación de procedemento sancionador pola presunta comisión de varias infraccións leves. Posíbel remisión do expediente á Dependencia de Inspección da Axencia Tributaria e á Delegación Provincial da Inspección de Traballo.	Emisión de resolución impondo sancións por un total de 450	Pendente emitir liquidación
23/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
24/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
25/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		

26/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
27/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
28/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
29/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
30/06	Reintegro parcial de 1651,47 euros. Proposta de incoación de procedemento sancionador pola presunta comisión dunha infracción leve.	Emisión de resolución incoando procedemento de reintegro por importe de 1651,47 euros e os correspondentes xuros de demora; e procedemento sancionador por infracción leve sancionable cunha multa de 150 euros	O 30/01/08 realizouse o ingreso o principal do reintegro (1651,47). Pendente de que dicten resolución definitiva, con intereses e sanción, e de que se emita a correspondente liquidación
31/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
32/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
33/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
34/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
35/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
36/06	Incoación de procedemento sancionador pola posible existencia de infraccións leves		Pendente de que dicten resolución incoando o procedemento sancionador, e posterior liquidación da sanción imposta.
37/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
38/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e		

	recomendacións formais		
39/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
40/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
41/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
42/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
43/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
44/06	Sen obriga de reintegro, con observacións e recomendacións formais		
45/06	Reintegro parcial de 3.964,20 euros Proposta de incoación de procedemento sancionador, pola posible comisión de infraccións leves	Emiten resolución deixando sen efecto o reintegro e impondo unha sanción de 150 euros.	Pendente de emitir liquidación
46/06	Proposta de incoación de procedemento sancionador pola comisión dunha infracción leve	Emisión de resolución impondo unha sanción de 150 euros.	Pendente de emitir liquidación
47/06	Propostra de incoación de procedemento sancionador, pola posible comisión de infraccións leves.	Emisión de resolución impondo unha sanción de 150 euros.	Pendente de emitir liquidación

Resumo dos expedientes sometidos a control financeiro no plan de auditorías do exercicio 2006.

EXPEDIENTES CON REINTEGRO

Expediente nº 01/06

Expediente nº 08/06

Expediente nº 10/06

Expediente nº 11/06

Expediente nº 19/06

Reintegro total de 11.416,68€

Reintegro parcial de 1.317,73€

Reintegro parcial de 1.252,68€

Reintegro parcial de 4.943,42€

Reintegro parcial de 15.463,92€

Expediente nº 30/06	Reintegro parcial de 1.651,47€
Expediente nº 45/06	Reintegro parcial de 3.964,20€

SUMA 40.010,1€

EXPEDIENTES CON INCOACIÓ DE PROCEDUREMTO SANCIONADOR

Expediente nº 01/06	Infraccións moi graves
Expediente nº 08/06	Infracción leve
Expediente nº 11/06	Infracción leve
Expediente nº 17/06	Infraccións leves
Expediente nº 19/06	Infraccións leves
Expediente nº 22/06	Infraccións leves
Expediente nº 30/06	Infracción leve
Expediente nº 36/06	Infraccións leves
Expediente nº 45/06	Infraccións leves
Expediente nº 46/06	Infracción leve
Expediente nº 47/06	Infraccións leves

ANEXO II: ESTADO-RESUMO DOS EXPEDIENTES DE CONTROL FINANCEIRO TRAMITADOS NA EXECUCIÓN DO PLAN DE AUDITORÍAS DO EXERCICIO 2007 (SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2006)

EXPTE.	ESTADO DE TRAM.	CONCLUSIÓN	ACTUACIÓNS PENDENTES
1 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
2 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
3 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
4 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
5 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
6 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
7 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	
8 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	

INTERVENCIÓN

9 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
10 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	
11 /2007	Á ESPERA DE DOCUMENTACIÓN		INFORME PROVISIONAL/DEFINITIVO
12 /2007	UNIDO AO EXP. 9/2007		
13 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
14 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
15 /2007	INFORME DEFINITIVO	REINTEGRO PARCIAL DE 835,25 €	
16 /2007	ACTUACIÓN NON REALIZADA		
17 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
18 /2007	ACTUACIÓN NON REALIZADA		
19 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
20 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	
21 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	

INTERVENCIÓN

22 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
23 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	
24 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
25 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
26 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
27 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
28 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	
29 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	
30 /2007	INFORME DEFINITIVO	REINTEGRO TOTAL DA SUBVENCIÓN PAGADA POR IMPORTE DE 10,980 €. INCOACIÓ DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR. COMUNICACIÓN DO INFORME Á XUNTA DE GALIZA.	
31 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	

32 /2007	INFORME DEFINITIVO	REINTEGRO PARCIAL DE 7.196,16 €	
33 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	
34 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
35 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
36 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
37 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
38 /2007	Á ESPERA DE DOCUMENTACIÓN		INFORME PROVISIONAL/DEFINITIVO
39 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS. INCOACIÓN DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR	
40 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
41 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	INFORME DE CONTROL FINANCEIRO BIS

INTERVENCIÓN

42 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
43 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
44 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
45 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
46 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
47 /2007	INFORME PROVISIONAL	REINTEGRO TOTAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA E PAGADA POR 3,000 €	INFORME DEFINITIVO
48 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
49 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
50 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
51 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	
52 /2007	Á ESPERA DE DOCUMENTACIÓN		INFORME PROVISIONAL/DEFINITIVO
53 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	

INTERVENCIÓN

54 /2007	INFORME PROVISIONAL	REINTEGRO TOTAL DA SUBVENCIÓN PAGADA POR IMPORTE DE 2,995,20 €.	INFORME DEFINITIVO
55 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	
56 /2007	Á ESPERA DE DOCUMENTACIÓN		INFORME PROVISIONAL/DEFINITIVO
57 /2007	INFORME PROVISIONAL	REINTEGRO TOTAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA E PAGADA POR 2.754,63 €	INFORME DEFINITIVO
58 /2007	INFORME DEFINITIVO	INFORME FAVORÁBEL	
59 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	INFORME PROVISIONAL/DEFINITIVO
60 /2007	Á ESPERA DE DOCUMENTACIÓN		INFORME PROVISIONAL/DEFINITIVO
61 /2007	APRAZADO ATA XUÑO DO 2008		INFORME PROVISIONAL/DEFINITIVO
62 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
63 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
64 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
65 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	

INTERVENCIÓN

66 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
67 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
68 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
69 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
70 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
71 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
72 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
73 /2007	Á ESPERA DE DOCUMENTACIÓN		INFORME PROVISIONAL/DEFINITIVO
74 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
75 /2007	Á ESPERA DE DOCUMENTACIÓN		INFORME PROVISIONAL/DEFINITIVO
76 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
77 /2007	INFORME PROVISIONAL	REINTEGRO PARCIAL DE 616,74 €	INFORME DEFINITIVO

78 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
79 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
80 /2007	INFORME PROVISIONAL	REINTEGRO PARCIAL DE 646,40 €. INCOACIÓN DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR.	INFORME DEFINITIVO
81 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
82 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
83 /2007	Á ESPERA DE DOCUMENTACIÓN		INFORME PROVISIONAL/DEFINITIVO
84 /2007	INFORME PROVISIONAL	REINTEGRO TOTAL DA SUBVENCIÓN PAGADA POR 2.995,20 €	INFORME DEFINITIVO
85 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	
86 /2007	INFORME DEFINITIVO	SEN OBRIGA DE REINTEGRO, CON CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS FORMAIS	

Resumo dos expedientes sometidos a control financeiro no plan de auditorías do exercicio 2007.

Expediente nº 15/07
Expediente nº 30/07
Expediente nº 32/07
Expediente nº 47/07

Reintegro parcial de 835,25€
Reintegro total de 10.980€
Reintegro parcial de 7.196,16€
Reintegro total de 3.000€

INTERVENCIÓN

Expediente nº 54/07	Reintegro total de 2.995,20€
Expediente nº 57/07	Reintegro total de 2.754,63€
Expediente nº 77/07	Reintegro parcial de 616,74€
Expediente nº 80/07	Reintegro parcial de 646,40€
Expediente nº 84/07	Reintegro total de 2.995,20€

SUMA 32.019,58€

EXPEDIENTES CON INCOACIÓN DE PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

Expediente nº 30/07	Infracción leve
Expediente nº 39/07	Infracción leve
Expediente nº 80/07	Infracción leve